

Varicela

A vacina fronte á varicela introduciuse no calendario de vacinación infantil no ano 2005, para a súa utilización en preadolescentes susceptibles sans aos 12 anos de idade e tamén para determinados grupos de risco.

No ano 2016 esta vacina incluíuse no calendario sistemático de vacinación aos 15 meses de idade e a dose de recordo aos 3 anos para todos os nenos nados a partir de xaneiro de 2015, mantendo as indicacións nos restantes grupos de risco de calquera idade.

Crterios de evidencia de inmunidade

Considérase que hai constancia de protección cando estea presente algunha das seguintes circunstancias:

- Documentación de ter recibido dúas doses de vacina separadas polo menos 1 mes.
- Antecedente de ter pasado a enfermidade (varicela ou herpes zóster).
- Evidencia de laboratorio de inmunidade.

Recomendacións

1. Vacinación en adultos sans seronegativos para o virus da varicela-zóster

- Persoal sanitario e de educación infantil.
- Mulleres en idade fértil (non embarazadas) para evitar posibles riscos durante o embarazo. No caso de embarazo, esperar ao parto e administrar a vacina.
- Adultos novos (homes e mulleres), pais de nenos susceptibles e sen historia de contacto previo domiciliario cun caso de enfermidade.
- Contactos domiciliarios e outros contactos íntimos de persoas con risco elevado de varicela grave.

Recoméndase a realización de seroloxía no caso de persoas que refiran non tela padecido ou teñan dúbidas sobre o seu padecemento.

2. Vacinación en pacientes de risco susceptibles

Persoas susceptibles coas seguintes inmunodeficiencias:

- **Inmunodeficiencias primarias:** agammaglobulinemia ligada ao sexo e inmunodeficiencia común variable (se non se atopan a tratamento con inmunoglobulinas), déficit illado de IgA e híper IgM, déficit illado de subclases de IgG, trastornos da fagocitose, do complemento e de neutrófilos.
- **Inmunodeficiencias secundarias:**
 - Persoas susceptibles con leucemia aguda en terapia de mantemento (suprimirase esta unha semana antes e outra despois da vacinación) ou persoas con tumores sólidos que completaron tratamento con quimioterapia (vacinaranse 3 meses despois de telo completado).
 - Persoas VIH susceptibles con recuento de linfocitos T CD4 ≥ 200 células/ μg en adultos e $\geq 15\%$ en nenos.
 - Pacientes en espera de transplante de órgano sólido, deberían ser vacinados polo menos 4-6 semanas antes da administración do tratamento inmunosupresor.
 - Persoas que reciben tratamento que pode inducir inmunosupresión, incluída a terapia oral ou parenteral con corticoides a doses altas.

En xeral, deberase suprimir a terapia de mantemento polo menos 2 semanas antes e 2 despois da vacinación. Se as doses de corticoides son elevadas, deberá retirarse 4 semanas antes e reiniciala dúas semanas despois.

Os pacientes sometidos a radioterapia non se deberían vacinar durante a fase de tratamento.

Nas persoas en tratamento con axentes biolóxicos, o intervalo entre o cesamento do tratamento e a vacinación será polo menos de 3 meses.

Persoas susceptibles non inmunodeprimidas con enfermidades crónicas:

- Mucoviscidose ou fibrose cística.
- Enfermidade cutánea diseminada grave.
- Enfermidades cardiovasculares crónicas graves.
- Insuficiencia renal crónica.

CALENDARIO de VACINACIÓN de ADULTOS

Pauta

2 doses, cun intervalo mínimo entre doses de 4 semanas.

Tipos de vacinas

Compañía	Composición e produción	Idade de utilización
Varivax® MSD	Virus atenuados da varicela cepa Oka, producidos en células diploides humanas (MRC-5) ≥ 1.350 UFP	A partir de 12 meses
Varilrix® GSK	Virus atenuados da varicela cepa Oka, producidos en células diploides humanas (MRC-5) non menos de $10^{3.3}$ UFP	A partir de 12 meses

Contraindicacións

- Reacción anafiláctica previa a esta vacina ou a algún dos seus compoñentes.
- Inmunodeficiencias ou inmunosupresión grave.
- Embarazo ou posibilidade de embarazo nas 4 semanas seguintes (evitar o embarazo nas 4 semanas seguintes á vacinación).

Precaucións

- Enfermidade aguda grave ou moderada, pospoñer a vacinación.
- Tratamento con inmunoglobulinas ou produtos hemáticos nos 3-11 meses anteriores (segundo o tipo de produto ou a dose de inmunoglobulinas).

Para máis información sobre as contraindicacións e precaucións: consultar fichas técnicas das vacinas.